

Sumario | nº49 – Xullo 2025

3MT®

Excelencia en 3 minutos

Entregados os premios
do concurso 3MT-2025



Falamos con algúns dos gañadores
e gañadoras da edición

EDIUS NOVAS

O *ranking* CWUR destaca
o rendemento investigador
da USC e a inserción
laboral do estudantado
egresado



EDIUS NOVAS

A profesora Mar Sobral
consegue unha bolsa Leonardo
para investigar a predición do
funcionamento dos ecosistemas
frente a cambios ambientais



EDIUS NOVAS

Os Premios Ícarus 2025
reafirman a fortaleza
da cultura emprendedora
na USC



EDIUS NOVAS

Máis de 150 persoas participan
no XII Encontro da Mocidade
Investigadora



EDIUS NOVAS

Que pensan as persoas mentoras
e o estudantado da I Edición do Programa
de Mentoría da EDIUS?



EDIUS NOVAS

José Luis Mascareñas,
Premio Rei Jaume I
en Investigación Básica



EDIUS NOVAS

Entregados os Premios
Extraordinarios de
Doutoramento do curso
22-23

EDIUS NOVAS

A profesora do Instituto
de Ciencias Forenses Elena
Lendoiro, elixida membro
do comité científico da
Society of Hair Testing



EDIUS NOVAS

Martín Fañanás Mastral,
galardoadado coa Medalla
José Barluenga do
GEQOR



3MT®

NOVAS

Excelencia en 3 minutos

Entregados os premios do concurso 3MT-2025



Un ano máis, e xa van catro, a Gran Final do concurso de Teses en Tres Minutos demostrou a orixinalidade e gran calidade das teses que están a facer os doutorandos e doutorandas da USC. Un total de 16 persoas tiveron que defender en persoa, durante un tempo máximo de tres minutos e ante un xurado especializado, o contido dos vídeos que anteriormente enviaran resumindo o seu traballo de doutoramento. Eran os finalistas das case trinta persoas que presentaran o seu traballo para concorrer nesta cuarta edición do 3MT, xa que só podía elixirse un por cada área de coñecemento. E despois da deliberación do xurado, estas foron as persoas gañadoras:

Falamos con algúns dos gañadores e gañadoras da edición para coñecer como participar no concurso lles axudou na súa investigación.

1. Que supón para ti gañar este concurso?

2. Como valoras a transferencia á sociedade dos coñecementos da investigación académica?



LUCÍA ABOAL CASTRO
Área de Ciencias da Saúde

“Andamiaxes multifásicas modificadas topográficamente para enxeñaría de interfaces tisulares complexas”

VER VÍDEO

1. Gañar o 3MT supuxo una motivación para seguir divulgando a miña investigación, sen dubidar tanto nos tempos de realización ou na súa calidade experimental (que todos sabemos que os ensaios non sempre saen) senón centrando o foco no papel social que posúe, e o interese que poida suscitar ao público xeral. Ademais, foi unha gran sorpresa, posto que o nivel de todos os compañeiros/as finalistas e dos seus proxectos de doutoramento era moi alto, é admirable que teñamos tantas liñas de calidade e vangarda na universidade.
2. A transferencia debería ser fundamental no desenvolvemento da propia ciencia. Os seres humanos investigamos, na maioría dos casos, para fortalecer os coñecementos e os recursos doutros seres humanos, e non podemos esquecer o seu papel e o seu dereito a coñecer en que punto está a investigación contemporánea, porque son os verdadeiros recipientes dela.



MARÍA LOURDES VELLÓN NOGUEIRA
Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

“Diseño de un sistema de detección temprana de retrasos neuroevolutivos y trastornos del neurodesarrollo en el ámbito escolar”

VER VÍDEO

1. Supón un impulso máis para seguir desenvolvendo o meu doutoramento. No meu segundo ano, aínda me queda moito por facer, pero este recoñecemento axuda a poñer en valor o interese da miña investigación e confirma que imos polo camiño axeitado.
2. Na miña opinión, a transferencia á sociedade dos coñecementos da investigación académica debería ir da man da mesma. Os investigadores e investigadoras xogan un papel relevante no desenvolvemento social mais, en cambio, o seu labor tende a ser un gran descoñecido, á vez que os coñecementos adquiridos parecen converterse, en moitos casos, en propiedade privada cando, baixo o meu punto de vista, dun xeito ou doutro, non deixamos de estar ao servizo da sociedade. É necesario dar a coñecer e compartir os avances que se van alcanzando.

[↩ Ir ao sumario](#)



JULIÁN GARCÍA PETEIRO

Área de Artes e Humanidades

“Introducción y desarrollo de la Inquisición en los reinos peninsulares durante la Edad Media. 1184-1478”

VER VÍDEO

1. A verdade é que para min gañar este concurso supuxo unha gran alegría, xa que partía algo intimidado considerando que nestes momentos estou no meu primeiro ano de doutoramento. O meu tema de investigación, a Inquisición medieval, leva acompañándome desde os inicios da miña carreira e é moi reconfortante poder atopar unha oportunidade para expoñer ao público as posibilidades e o interese que ten unha investigación sobre esta gran institución tan pouco coñecida. Creo que este recoñecemento demostra que a investigación en historia ten moito que achegar no tempo presente, e dentro dun campo no que non só non está todo dito senón que aínda queda moito por dicir.
2. A investigación histórica actúa como unha ponte que vincula o pasado co presente, proporcionando ferramentas esenciais para que a sociedade comprenda as súas raíces, evolucións e desafíos. Este vínculo non só consiste en acumular datos ou anécdotas, senón en tecer coñecemento e entender a complexidade das experiencias humanas. Todo para identificar patróns, aprender de erros e acertos, e crear unha identidade cultural e individual máis sólida. Cando os achados e as interpretacións históricas se comunican de maneira accesible e crítica, fóméntase unha cidadanía informada que pode cuestionar, debater e participar activamente na construción dun futuro fundamentado na experiencia colectiva. O intercambio entre a comunidade académica e a sociedade contribúe á democratización do saber. Ao abrir o acceso ás investigacións históricas, empoderase ás persoas para pensar de maneira crítica e desenvolver un sentido de pertenza a unha historia compartida, á vez que se fomenta a pluralidade e o recoñecemento de múltiples voces e experiencias. Esta democratización, fomentada pola transferencia de coñecemento, é unha gran ferramenta que pon en valor as investigacións académicas como elemento de importancia capital na difusión de coñecemento. Por diante queda o arduo traballo de recuperar o altofalante da divulgación das mans de voces non autorizadas e discursos interesados.



MARÍA DO CARME PACÍN SALVADOR

Área de Ciencias e Enxeñarías

“As macroalgas como ferramentas ambientais: da escala rexional ao cambio global”

VER VÍDEO

1. Foi unha sorpresa moi agradable porque non o esperaba en absoluto. Ademais, prodúcese moita satisfacción ver que o meu traballo de investigación esperta interese fóra do meu ámbito. Sempre sentín curiosidade pola divulgación, polo que este recoñecemento é un impulso e unha primeira oportunidade para achegarme máis a ese ámbito.
2. Paréceme algo esencial. Como investigadoras do sistema público temos tamén unha responsabilidade coa sociedade. Os coñecementos e resultados que xeramos non deberían quedar restrinxidos ao ámbito científico, senón que cómpre facer un esforzo por democratizar esa información, adaptándoa para que poida chegar a todos os sectores sociais nunha linguaxe comprensible e accesible. Só así se xustifica plenamente o sentido social da investigación.

Representante da USC no *Falling Walls Foundation*

O propio día da Gran Final deuse a coñecer unha importante novidade. A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, María José López Couso, anunciou o acordo ao que a USC chegara horas antes para que unha das persoas gañadoras do concurso de Teses en Tres Minutos fora seleccionada para participar na cumbre científica ***Falling Walls Foundation***, que anualmente se celebra en Berlín entre os días 6 e 9 de novembro, coincidindo co aniversario da caída do Muro de Berlín. O xurado decidiu finalmente que María do Carme Pacín Salvador fora quen representara á Universidade de Santiago neste evento.

Máis de 150 persoas participan no XII Encontro da Mocidade Investigadora

O XII EMI celébrase os días 9 e 10 de xullo na Facultade de Económicas e Empresariais do campus de Santiago

Preto de 200 persoas participan este ano no XII Encontro da Mocidade Investigadora, das cales 156 inscribíronse para asistir con comunicacións orais ou pósters. Ademais, hai xente que simplemente participará neste evento como asistente ao que hai que sumar o comité organizador, formado por unhas 14 persoas.

Este evento desenvólvese, dende o ano 2012, co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento.

O Encontro da Mocidade Investigadora está organizado por investigadores e investigadoras procedentes da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, e estará aberto a todo o estudiantado de doutoramento das tres universidades galegas. Polo tanto, o único requisito para participar neste encontro será ter formalizada a matrícula en calquera programa de doutoramento dalgunha das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG). As persoas participantes teñen a oportunidade de asistir e facer as súas contribucións a este evento, que durante dous días ofrece sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

Nesta 12 edición, o comité organizador pon especial relevancia no uso da lingua galega na ciencia e busca unha maior cooperación e implicación de persoal das tres universidades galegas así como da presenza de máis xente do campus de Lugo.

Asistentes	18
Relatores (ORAL)	122
Relatores (POSTER)	25
ASISTENTES TOTAIS	165

O *ránking* CWUR destaca o rendemento investigador da USC e a inserción laboral do estudantado egresado



O **Center for World University Rankings** (CWUR) mantén á **USC** entre as mellores universidades a nivel internacional ao situala na posición 500, dun total de 21.462 institucións académicas de todo o mundo. O rendemento investigador, no que se sitúa como a 473 do mundo, e a empregabilidade son os dous aspectos mellor valorados da USC, que ocupa ademais a posición décimo segunda de entre as institucións españolas recollidas nesta clasificación. Ademais, a institución compostelá ascende ata o chanzo 192 no apartado relativo a universidades europeas.

A metodoloxía empregada por CWUR parte dunha serie de indicadores estruturados en catro ámbitos. Por unha banda, a calidade da educación mídese a través do número de estudantes que obtiveron distincións académicas en relación ao tamaño da institución. Este ítem conforma o 25% da puntuación final no *ránking*. O estudantado que obtivo postos executivos de relevancia nas máis importantes compañías do mundo é o indicador que CWUR toma en consideración á hora de abordar o nivel da empregabilidade e que ten un peso do 25% no cómputo global da clasificación.

O persoal docente e investigador que teña obtido distincións académicas serve para medir a calidade dos centros cun peso do 10% no conxunto da puntuación final. Finalmente, no indicador relativo á investigación científica, CWUR analiza o número total de artigos publicados (10%), o número de artigos publicados en revistas de primeiro nivel (10%), o número de artigos publicados en revistas de gran influencia (10%), así como o número de artigos máis citados (10%). Os datos obtéñense a través da información subministrada polas propias universidades, así como a través de sondaxes.

Máis información
[nesta ligazón](#)

[↩](#) Ir ao sumario

O CWUR é unha organización que ofrece asesoramento sobre políticas, información estratéxica e servizos de consultaría a gobernos e universidades para mellorar os resultados educativos e de investigación. CWUR publica clasificacións universitarias globais autorizadas, recoñecidas pola súa obxectividade, transparencia e coherencia, nas que confían estudantes, académicos, xestores de universidades e gobernos de todo o mundo.

Entre as oito universidades “punta de lanza” de España no U-Ranking

A USC sitúase no décimo primeiro posto do U-Ranking elaborado pola Fundación BBVA e o IVIE, que escruta o desempeño de 72 universidades españolas, 48 públicas e 24 privadas, a partir da análise das actividades docentes, de investigación e innovación así como a inserción laboral das persoas egresadas. Esta nova clasificación vai en liña doutras previas que sitúan á USC no primeiro cuartil das universidades españolas e reafirma a súa posición de liderado dentro do Sistema Universitario Galego.

Esta clasificación identifica á USC entre as oito universidades “punta de lanza do Sistema Universitario Español (SUE) que destacan pola eficiencia no uso dos seus recursos para obter un mellor rendemento, pero tamén polo volume total de resultados”, indica o informe. Xunto á USC figuran neste top universitario a Universitat de Barcelona, as Autónomas de Madrid e Barcelona, a Universitat de València e as Politécnicas de Madrid, Catalunya e València, que segundo o U-Ranking sobresaen tanto por rendemento como por tamaño, supoñen o 11% do sistema e achegan o 26% dos resultados totais do SUE: o 23% da docencia, o 30% da investigación e a innovación e o 22% dos resultados en inserción laboral.

Do ránking xeral, que analiza o rendemento en docencia, investigación e innovación e inserción laboral, a USC sitúase no segundo grupo con mellor desempeño, nun posto 11. Os datos disgregados por dimensións arrojan tamén unha moi boa posición da Universidade de Santiago, un sexto posto, que destaca polo desempeño investigador situándose só despois da Pompeu Fabra, a Universitat Autònoma de Barcelona, a de Barcelona, a Politécnica de Catalunya e a Rovira i Virgili.

En canto ao rendemento por rama de coñecemento, a Universidade de Santiago destaca na de Ciencias da Saúde, cunha sétima posición de entre todas as universidades españolas analizadas, e na de Enxeñaría e Arquitectura cun posto 8 do total de 72. Nas outras tres ramas de coñecemento, a de Santiago sitúase entre os postos 15 e 18.

Conclúe o informe destacando o liderado en produtividade das actividades de investigación e innovación dalgunhas universidades públicas, entre as que se sitúa a USC só por debaixo das catalás.

EDIUS **NOVAS**


Que pensan as persoas mentoras e o estudiantado da I Edición do Programa de Mentoría da EDIUS?

O Programa de Mentoría da EDIUS lanzou a súa primeira edición piloto co obxectivo de acompañar e apoiar ao estudiantado de doutoramento mediante unha relación estruturada entre persoas mentoras (persoas doutoradas e con experiencia) e mentorizados/as (persoas realizando os estudos de doutoramento e en fases iniciais). Unha vez rematada esta edición, realizouse unha avaliación a través dun cuestionario e unha reunión presencial para analizar a súa eficacia e impacto.

1. Información dos participantes Mentores


Participación e número de sesións

O número de sesións realizadas variou entre os emparellamentos, indo dende unha ou 2 sesións (2 casos) e coa maioría de casos realizando 7 ou máis encontros (6 casos).




Satisfacción xeral

O **80% das persoas mentoras** manifestaron estar satisfeitas ou moi satisfeitas coa súa participación no programa.




O **80% das persoas mentoras** mostraron un nivel alto de satisfacción coa persoa mentorizada asignada.




[← Ir ao sumario](#)

Impacto na persoa mentorizada

O **80% das persoas mentoradas** cren que a persoa que mentorizaron ten agora un mellor coñecemento sobre o proceso de realización do doutoramento.




O **80% consideran** que as persoas mentorizadas adquiriron unha maior conciencia das súas habilidades e capacidades, e de como aplicalas durante a súa traxectoria académica.



Impacto na persoa mentora

70% das persoas mentoradas afirman que a súa experiencia no programa tamén contribuíu positivamente ao seu desenvolvemento profesional.



Futuras edicións

O **100% repetirían como mentores/as** nunha segunda edición.

O **100% recomendarían a experiencia** a outras persoas ou colegas.

En base aos comentarios recollidos no cuestionario e na sesión presencial, sintetízanse as seguintes propostas de mellora a implementar en futuras edicións:

a) Mellorar a presencialidade e o acompañamento

- Favorecer os emparellamentos entre persoas do mesmo campus para facilitar encontros presenciais.
- Establecer unha sesión intermedia conxunta de mentores para facer seguimento grupal do proceso e fomentar o intercambio de experiencias.

b) Fortalecer a estrutura do programa

- Planificar mellor a temporalidade do programa (lanzar o programa en setembro-outubro tralo período de matrícula).
- Dar prioridade aos estudantes de 1º e 2º curso de doutoramento (enténdese que son os que máis se poden beneficiar deste tipo de acompañamento).
- Os emparellamentos deben seguir facéndose por grandes áreas de coñecemento para facilitar a afinidade e ao mesmo tempo garantir a non intromisión coas funcións de supervisores/titores de tese.
- Desenvolver un guión temático a tratar durante as sesión de mentoría.
- Establecer máis claramente os obxectivos e responsabilidades de cada parte.

c) Fomentar o compromiso do estudantado

- Asegurar que as persoas mentorizadas teñan unha motivación real e compromiso activo co programa (aínda que se reconece a dificultade para poder avaliar este aspecto).
- Facer a reunión inicial de xeito conxunto na medida do posible (iso favorecería o contacto inicial cos posibles mentores / mentorizados).
- Enviar recordatorios aos estudantes mensuais ou cada dous meses para que cumprimenten os formularios.


d) Recoñecemento institucional

- Considerar o recoñecemento de HDE (Horas Docentes Equivalentes) ou algún outro recoñecemento académico ou complementario para as persoas mentoradas.
- Formalización do Programa dentro das actividades da USC na medida do posible.

2. Información dos Estudantes Mentorizados

Participación e número de sesións

O número de sesións realizadas variou entre os emparellamentos, indo dende unha ou 2 sesións (2 casos) 7 ou máis encontros (3 casos).



Satisfacción xeral

O **87,5% das persoas mentorizadas** manifestaron estar satisfeitas ou moi satisfeitas coa súa participación no programa.




O **87,5% das persoas mentor** mostraron un nivel alto de satisfacción co mentor/a asignado/a.




Impacto na persoa mentorizada

O **78% dos estudantes mentorizados** cren que agora teñen un mellor coñecemento sobre o proceso de realización do doutoramento.



O **78% dos estudantes mentorizados consideran** que adquiriron unha maior conciencia das súas habilidades e capacidades, e de como aplicalas durante a súa traxectoria académica.



Resumo dos comentarios e suxestións de mellora por parte dos estudantes mentorizados

En base aos comentarios recollidos no cuestionario e na sesión presencial, sintetízanse as seguintes propostas de mellora a implementar en futuras edicións:

a) Fortalecer a estrutura do programa

- Lanzar o programa en setembro-outubro coincidindo ou tralo período de matrícula.
- Establecer un número mínimo de reunións “obligatorias” para considerar completado o programa.
- Ofrecer aos participantes unha lista de temas ou guións orientativos para romper o xeo nas primeiras reunións.

b) Fomentar o compromiso co Programa


- Enviar recordatorios para fomentar a participación.
- Crear un formulario máis sinxelo onde participantes rexistren as sesións realizadas (data, duración, temas falados).

c) Outros

- Algúns estudantes que acudiron recalcaron que lles gustaría participar como mentores ao rematar os estudos de doutoramento.
- Manter a sesión inicial por separado para mentores e estudantes (algúns participantes manifestaron que os seus directores de tese non se mostraron receptivos ante a participación dos estudantes nesta actividade).
- Ofrecer un certificado de participación ao rematar o programa, unicamente para aquelas persoas que o soliciten, mantendo a natureza voluntaria da actividade. En xeral, os estudantes coinciden en que a emisión automática dun certificado podería desvirtuar o obxectivo do programa.

3. Conclusión

A I Edición piloto do Programa de Mentoría EDIUS foi valorada positivamente polas persoas participantes. Non só se mellorou o coñecemento sobre o doutoramento por parte das persoas mentorizadas, senón tamén das súas habilidades e destrezas, ao tempo que tamén se contribuíu, alá menos en parte, ao desenvolvemento profesional das persoas mentoras. A disposición a repetir a participación das persoas mentoras en edición futuras e a recomendar a experiencia a outros colegas e compañeiros reforza a continuidade do programa.



EDIUS **NOVAS**

José Luis Mascareñas, Premio Rei Jaume I en Investigación Básica

O catedrático da USC e investigador do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS), José Luis Mascareñas Cid, foi galardoado co Premio Rei Jaume I 2025 na categoría de Investigación Básica. O xurado destaca os seus “traballos pioneiros en química órgano-metálica, especialmente por introducir reaccións catalizadas por metais en células vivas”, abrindo así novas vías para o desenvolvemento de ferramentas químicas aplicables en contornas biolóxicas complexas.

Para Mascareñas, este premio supón un recoñecemento especial á ciencia que non perseque unha aplicación inmediata “pero que é o xermolo dos grandes avances científicos e tecnolóxicos”. E, aínda que se outorga a título individual, o catedrático quere compartilo “con todas as persoas que traballaron comigo durante estes anos; sen o seu talento, esforzo e dedicación, nada disto sería posible”.

José Luis Mascareñas, que recollerá o premio no mes de novembro en Valencia nunha cerimonia presidida polos Reis de España, é unha figura de referencia internacional en química supramolecular e biolóxica. Doutor en Química pola USC con estadías posdoutorais nas universidades de Stanford, Harvard, Cambridge e o MIT, José Luis Mascareñas foi director científico do CiQUS, onde lidera o grupo MetBio-Cat de estudo de novas estratexias de catálise bioinspirada, química bioortogonal e reactividade controlada en contornas celulares. O seu equipo traballa no deseño de complexos metá-



licos capaces de operar dentro de células vivas para inducir reaccións químicas non naturais, unha liña de investigación que abre novas perspectivas para a biomedicina, a biotecnoloxía ou a enxeñaría molecular.

Ao longo da súa carreira publicou máis de 250 artigos en revistas científicas de alto impacto e recibiu numerosos recoñecementos, entre os que destaca a prestixiosa ERC Advanced Grant concedida polo Consejo Europeo de Investigación. O mes pasado, Mascareñas presidiu a Bürgenstock Conference, un dos encontros máis selectivos e relevantes da química internacional, converténdose no terceiro científico español en ocupar esa posición.

Os premios outorgados pola Fundación Valenciana Premios Rei Jaume I, considerados un dos máximos recoñecementos científicos en España, distinguen cada ano a figuras destacadas en sete categorías: Investigación Básica, Economía, Investigación Biomédica, Investigación Clínica e Saúde Pública, Protección do Medio Ambiente, Novas Tecnoloxías e Emprendemento.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

A profesora do Instituto de Ciencias Forenses Elena Lendoiro, elixida membro do comité científico da *Society of Hair Testing*

Trátase dunha organización científica de referencia internacional dedicada ao desenvolvemento e estandarización das análises toxicolóxicas en cabelo

A profesora de Toxicoloxía do Instituto de Ciencias Forenses da Universidade de Santiago Elena Lendoiro Belío foi elixida en Londres membro da Board da **Society of Hair Testing** (SOHT). A SOHT é unha organización científica de referencia internacional dedicada ao desenvolvemento e estandarización das análises toxicolóxicas en cabelo, unha ferramenta clave na investigación forense. O *Board* desta sociedade é o órgano responsable de coordinar, establecer e actualizar os criterios científicos para a interpretación das análises de drogas de abuso e fármacos en mostras capilares, fundamentais para abordar con rigor casos como a submisión química, e o seguimento cronolóxico do consumo de substancias en contextos forenses.


A elección de Elena Lendoiro como membro do *Board* reconece a súa traxectoria científica e a súa contribución á toxicoloxía forense no ámbito estatal e internacional e supón ademais un importante apoio ao labor investigador que se desenvolve no **Instituto de Ciencias Forenses da USC** e reforza a súa proxección internacional.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Martín Fañanás Mastral, galardoado coa Medalla José Barluenga do GEQOR



Máis información

O profesor e investigador da USC Martín Fañanás Mastral foi recoñecido coa Medalla José Barluenga que outorga o Grupo Especializado de Química Orgánica (GEQOR) da Real Sociedade Española de Química (RSEQ). Recoñécenlle así a Fañanás, investigador Oportunius e actual director adxunto do CiQUS, a súa excelencia investigadora no campo da Química Orgánica e fano cun galardón que leva precisamente o nome do seu director de tese, “algo que me fai especial ilusión”, asegura.

Martín Fañanás Mastral doutorouse en Química pola Universidade de Oviedo en 2007. En 2009 uniuse ao grupo do profesor Ben L. Feringa na Universidade de Groningen

(Países Baixos) como investigador posdoutoral. Cinco anos máis tarde incorporouse como investigador Ramón y Cajal ao Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) da USC, acadando en 2021 a súa praza como profesor titular. Actualmente é Oportunius Research Professor.

A súa investigación céntrase no desenvolvemento de novas metodoloxías catalizadas por complexos de metais de transición que permitan levar a cabo transformacións sostíbeis e de alta eficiencia atómica orientadas á formación enantioselectiva de enlaces C-C, e a activación e funcionalización de hidrocarburos.

[Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

A profesora Mar Sobral consegue unha bolsa Leonardo para investigar a predición do funcionamento dos ecosistemas fronte a cambios ambientais

A profesora na Facultade de Xeografía e Historia e investigadora do Idega da USC Mar Sobral conseguiu unha das 60 bolsas Leonardo que concede a Fundación BBVA de entre as 1.623 candidaturas presentadas, o que supón unha taxa de éxito do 3,7%, un indicador da alta competitividade da convocatoria.

Cos 50.000 euros da bolsa e un horizonte temporal máximo de 18 meses, Mar Sobral desenvolverá o proxecto From leaf to ecosystem: The evolutionary and ecological power of subindividual variation no que analizará como a variación fenotípica dentro dos propios individuos —por exemplo, entre follas ou flores dunha mesma planta— inflúe nos procesos evolutivos e na dinámica ecosistémica. “Pretendo evidenciar -explica a ecóloga Sobral- que esta variación subindividual é unha compoñente clave na comprensión da biodiversidade e na predición do funcionamento dos ecosistemas fronte a cambios ambientais”. A investigadora da USC pretende deste xeito abrir “novas vías” para integrar esta escala de variación na investigación ecolóxica e evolutiva contemporánea.

Os 60 proxectos altamente innovadores seleccionados nesta XII edición das bolsas Leonardo son iniciativas individuais desenvolvidas por profesionais de entre 30 e 40 anos que se atopan nun momento decisivo da súa carreira laboral. A convocatoria contempla dez áreas diversas da ciencia e a cultura: dende a de Ciencias do medio ambiente e da Terra na que se

enmarca a bolsa de Mar Sobral ata as de Ciencias Básicas, Bioloxía e Biomedicina, Enxeñarías e Ciencias da Computación, pasando por Artes Plásticas, Música e Ópera ou Creación Literaria e Artes Escénicas.



[Máis información](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Entregados os Premios Extraordinarios de Doutoramento do curso 22-23

O Colexio de Fonseca acolleu o luns 7 de xullo a entrega protocolaria dos Premios Extraordinarios de Doutoramento correspondentes ao curso 2022/2023, presidida polo reitor Antonio López. A convocatoria é un recoñecemento á excelencia na investigación doutoral, que se outorga a aquelas persoas que defenderon unha tese con resultados sobresaíntes, nesta ocasión na convocatoria correspondente ao curso 22-23. Estes premios permiten poñer en valor o máximo nivel académico que outorga o ensino universitario, o título de doutoramento, indicou o reitor na súa intervención para quen estes traballos son un “soporte esencial” dunha das tarefas fundamentais da USC, a da investigación, “esencial para o avance da sociedade”.



Nesta convocatoria dos Premios Extraordinarios de Doutoramento 22/23 outorgáronse un total de 30 premios repartidos entre as áreas de Artes e Humanidades, Ciencias e Enxeñarías, Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas. O acto serviu para recoñecer e celebrar “anos de estudos rigoroso, paixón pola busca de coñecemento e renuncias”, destacou a vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, María José Lopez Couso. A vicerreitora animou aos novos doutores e doutoras a que este recoñecemento non sexa un fin en si mesmo senón “unha forza motriz para seguir avanzando”.

Pola súa banda, o director da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS), Pablo Taboada Antelo, indicou que os traballos que concorreron á convocatoria comparten un alto grao de calidade e excelencia e

representan “a esencia da USC”. Na súa opinión, no seu conxunto denotan “a boa saúde da investigación que se fai na USC” e constitúen “unha forza esencial” para a actividade da universidade no eido investigador.

En representación do conxunto de premiados e premiadas interveu Antía Tacón García, do Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura. Tacón agradeceu o recoñecemento en nome de todas as persoas premiadas e loou a posibilidade de facer investigación de calidade dende a universidade pública, pola súa independencia, agradecendo este recoñecemento a anos de esforzo. Pechou a súa intervención animando aos novos doutores e doutras e devolver á sociedade parte do esforzo recibido a través da súa formación con recursos públicos e a “seguir construíndo o futuro”.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Os Premios Ícarus 2025 reafirman a fortaleza da cultura emprendedora na USC



A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC entregou o pasado 1 de xullo os Premios Ícarus 2025, unha edición na que resultaron distinguidos 20 traballos pertencentes ás cinco áreas de coñecemento e diferenciados nas categorías de teses de doutoramento e traballos de fin de grao (TFG) e mestría (TFM).

O acto, desenvolvido no salón de graos da Facultade de Ciencias da Educación, estivo presidido polo delegado do reitor para a Transferencia do Coñecemento, Luis Otero, e nel participaron tamén a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia, Marta Mariño; a directora xeral de Unirisco, Inmaculada Rodríguez; o subdirector de Ciencias Sociais e Xurídicas da Escola de Doutora-

mento Internacional da USC, José Miguel Túñez; e a decana de Ciencias da Educación, Mar Lorenzo.

O Programa Ícarus cumpre este ano a súa terceira edición cunha participación histórica, cun total de 90 traballos presentados, dos que 28 resultaron finalistas. Esta crecente participación no Ícarus reafirma a fortaleza da cultura emprendedora da USC nos campus de Santiago e de Lugo, tal e como puxo de relevo na súa intervención o director da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC, AVTE, José Luis Villaverde, que tamén destacou “o gran nivel” dos proxectos e a alta representación feminina nos galardóns, xa que o 70% das persoas premiadas nesta edición son mulleres.

O obxectivo é favorecer e impulsar a aplicación social e económica do coñecemento xerado na USC. Para iso, establece premios para teses e TFG/TFM que estean enfocados á súa aplicación social e económica nas áreas de coñecemento que se imparten na USC. No caso das teses, hai unha dotación económica de 1.000€ para os primeiros premios e 500€ para os segundos, mentres que a dotación nos TFG/TFM é de 800 e 400 euros, respectivamente.



[↩ Ir ao sumario](#)

Persoas premiadas

TESES DE DOUTORAMENTO

1.

Que supón para ti recibir este recoñecemento?

2.

Como valorades a transferencia do coñecemento á sociedade?

Área de coñecemento Artes e Humanidades



PRIMEIRO PREMIO

Berta Álvarez Buylla

“Empredimiento Cultural en Galicia do 2000 ao 2024”

1. Unha honra e un impulso para seguir traballando. Supón o recoñecemento a un proxecto feito con compromiso e vontade de contribuír á sociedade.

2. Fundamental. A investigación debe ter un impacto real, achegar valor ao territorio e mellorar a vida das persoas.

Área de coñecemento Ciencias Sociais e Xurídicas



PRIMEIRO PREMIO

César Fieiras Ceide

“Intelixencia artificial, innovación e novas tecnoloxías en medios de comunicación públicos e privados”

1. Representa un moi bo indicador de que o enfoque do traballo é o axeitado. Aínda estou no primeiro paso desta carreira de fondo, pero constatar que se están a facer as cousas ben é moi satisfactorio. É un premio ao traballo colectivo do noso equipo concretado no meu perfil nesta ocasión.

2. É o verdadeiro valor e meta que debemos perseguir. Non entendo o coñecemento se non é compartido/transferido a outros axentes. É o máis bonito do noso traballo.



SEGUNDO PREMIO

Anxela Fernández Da Silva

“Políticas de eSaúde e equidade en España. Unha oportunidade perdida?”

1. Na parte máis xeral, pois supón unha alegría moi grande. As teses de doutoramento son traballos longos, de moitos anos e moitos sacrificios, e que se recoñeza ese esforzo só pode ser motivo de ledicia.

Na parte máis persoal, é moi reconfortante para min que se decidise premiar un traballo como o meu, que aborda as políticas sanitarias desde o enfoque da equidade. Foi unha gran alegría ver que nestes premios, que recoñecen o impacto dos traballos académicos, se premiase un traballo que non ten precisamente un impacto económico, pero que si pode ter moito impacto social.

2. Nun plano xeral penso que a transferencia do coñecemento á

[↩ Ir ao sumario](#)

TESES DE DOUTORAMENTO

1.

Que supón para ti recibir este recoñecemento?

2.

Como valorades a transferencia do coñecemento á sociedade?

sociedade é un deber das universidades públicas, que deben actuar como referentes, lexitimando as necesidades sociais e facendo achegas que poidan mellorar a vida da poboación. Penso que iso se consegue a través da transferencia do coñecemento e que é moi importante facelo.

No que respecta á achega que pode facer o meu traballo a esa transferencia do coñecemento, aborda un tema interesante e á vez moi sensible como é o das políticas sanitarias. Neste tipo de políticas os criterios de rendibilidade económica adoitan desprazar a criterios de equidade, que deberan ser os que estean no centro de todas as políticas públicas pero especialmente nas políticas de saúde, xa que falamos das vidas das persoas. Creo que o meu traballo cumpre coa transferencia ao detectar as principais iniquidades en saúde e propoñer as alternativas necesarias para que as administracións públicas as apliquen e, polo tanto, se poida mellorar a vida de todas as persoas, independentemente das súas condicións socioeconómicas.

Área de coñecemento Ciencias Experimentais

PRIMEIRO PREMIO

Cristina González Barreira

“Materiais moleculares de lantanoides como imáns e termómetros luminescentes”



SEGUNDO PREMIO

Andrés Manuel Álvarez Constantino

“Catalytic methodologies for the valorization of C2 hydrocarbons and mechanistic studies”

1. Este recoñecemento en concreto, como pode ser outro coa mesma finalidade, supón dende logo un orgullo a nivel persoal, académico e profesional. Ao fin e ao cabo é un premio ao traballo que estiveches a desenvolver (no meu caso durante a tese doutoral) nos últimos catro anos, e apalpar os froitos sempre é satisfactorio. Cómpre resaltar tamén que a composición do xurado combina o mundo académico (EDIUS) co

da administración pública (Xunta), ao tempo que inclúe tamén o sector privado (Unirisco). Polo que recibir esta recompensa resalta o potencial do proxecto máis aló dos laboratorios onde os desenvolvemos, e é unha forma de recordarnos que a sociedade está aí fóra e está disposta a asimilar e implementar os coñecementos que xeramos.

2. A transferencia do coñecemento, considero, é unha obriga por parte das institucións que xeran ese coñecemento para con a sociedade. A maioría das investigacións que se levan a cabo, non só en Galiza ou no estado español, máis no mundo enteiro; están a se financiaren con fondos públicos. Por ese motivo creo que o coñecemento derivado debería ser posto a disposición da poboación por medio do tecido produtivo. Ora ben, temos de ser conscientes de que para chegar a ese punto é fundamental apoiar e inxectar fondos na investigación básica para podermos cimentar unha base sólida de coñecementos para, posteriormente, levantar proxectos de transferencia sobre ela. Porque de nada vale andar en bicicleta se non se sabe primeiro andar a pé. E, tristemente, as dinámicas actuais de inmediatez tanto no eido da produción científica, coma na concesión de fondos para a investigación, tornan esta labor máis complicada do que xa é.

TESES DE DOUTORAMENTO

1.

Que supón para ti recibir este recoñecemento?

2.

Como valorades a transferencia do coñecemento á sociedade?

Área de coñecemento Enxeñaría e Arquitectura



PRIMEIRO PREMIO

Jorge González Rodríguez

“Conceptual design, operation and scale-up of photocatalytic processes integrating magnetic nanocomposites for the removal of micropollutants in wastewater”

1. Un recoñecemento sempre é un aliciente para seguir investigando e para buscar a transferencia en todas as tecnoloxías que se desenvolven nos laboratorios de investigación. Por outra banda, sempre é un motivo de orgullo obter un recoñecemento polo traballo realizado durante a tese, sobre todo se este vén da man da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE), oficina clave na transferencia das tecnoloxías que se desenvolven

